

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 24 de novembro de 2021 para o acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, pola quenda de acceso libre.

O segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 16 de xullo de 2022.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
21/07/2022 10:17:19.

CSV: 6A6C-8C64-4480-97F5